



P.O.

DECRETO

Tras ver a proposta da deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, a teor do seguinte texto:

"Por acordo da Xunta de Goberno do 25.03.2022, apróbase a convocatoria e as bases específicas para a creación dunha listaxe de emprego temporal de Oficial Oficinas Múltiples para prestar servizos de carácter temporal na Deputación de Lugo (BOP núm. 087 e 089, do 18.04.2022 e 20.04.2022).

As bases xerais que rexen a convocatoria son as que establecen as normas para a selección de persoal, con carácter temporal, para prestar servizos na Deputación Provincial de Lugo (cota xeral ou cota discapacitados) publicadas no BOP núm. 079, do 06.04.2020, corrección erros BOP núm. 161, do 15.07.2020.

As cualificacións finais e a proposta do Tribunal coa orde da listaxe publicouse na web corporativa da Deputación de Lugo, no apartado Emprego Público (RRHH) e no taboleiro de anuncios da entidade o 22.11.2022.

A vista do resultado do proceso selectivo, o Tribunal formula proposta ante a presidencia da entidade para que aprobe a creación da listaxe de emprego temporal de OFICIAL OFICIOS MÚLTIPLES da Deputación Provincial de Lugo, segundo os criterios polos que se rexe a incorporación de persoal para prestar servizos con carácter temporal na dita entidade.

Á vista do sinalado propónse á presidencia que, de conformidade co artigo 7 do RD 896/1991, do 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección do persoal funcionario da Administración Local, e co establecido no punto 10 e 11 das bases xerais que rexen esta convocatoria e, en uso das atribucións que lle confire o artigo 34 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e o artigo 54 do vixente Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, RESOLVA:

1º.- Dar por rematado o procedemento selectivo para a creación da listaxe de emprego temporal de Oficial Oficinas Múltiples, grupo C, subgrupo C2, aprobando a inclusión das persoas aspirantes propostas polo Tribunal que a continuación se sinala:

Nº ORDE	APELIDOS E NOME	CUALIFICACIÓN FINAL
01	NÚÑEZ ROUCO, ALEJANDRO	36,704
02	SAN JOSÉ BARJA, JESÚS	34,794
03	LUGUEROS LÓPEZ, JOSÉ MANUEL	33,456
04	VÁZQUEZ LÓPEZ, VÍCTOR MANUEL	29,542
05	RANDIS DA PENA, JOSÉ	28,300

2º.- Ordenar que a incorporación de efectivos sexa realizada seguindo os criterios establecidos nas resolucións da presidencia do 29 de setembro de 2009 (BOP núm. 231, do 8.10.2009), 16 de decembro de 2011 (BOP núm. 294, do 26.12.2011) e 14 de febreiro de 2019 (BOP núm. 039, do 15.02.2019), nas que se establecen os criterios polos que se rexe a incorporación de persoal temporal na Deputación de Lugo, así como o sinalado na base xeral 12.

	IV7BU3CNMFUDRO633XVTG4SWA4	Fecha y Hora	05/12/2022 15:02:51
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO (SECRETARIO XERAL)		
Firmado por	PABLO RIVERA CAPÓN (PRESIDENTE)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7BU3CNMFUDRO633XVTG4SWA4	Página	1/2



O presente documento estara
exposto no Taboeiro de
Anuncios desta Deputación
desde o día 07-12-2022
ata a día 07-01-2023
O XEFE DA UNIDADE
PORTERÍA E VIXIANCIA

P.O. (leg)

3º.- Esta listaxe terá efectividade dende o día seguinte á publicación da presente resolución na web corporativa da Deputación de Lugo.”

Polo anteriormente exposto e, en uso das facultades que lle confire a esta Presidencia o artigo 34 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, **RESOLVO:**

Prestar aprobación á proposta anteriormente transcrita en todas as súas partes.

O PRESIDENTE,
P.D. Decreto de data 26-07-2019
O DEPUTADO PROVINCIAL,

O SECRETARIO,

Asdo: Pablo Rivera Capón

	IV7BU3CNMFUDRO633XVTG4SWA4	Fecha y Hora	05/12/2022 15:02:51
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO (SECRETARIO XERAL)		
Firmado por	PABLO RIVERA CAPÓN (PRESIDENTE)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7BU3CNMFUDRO633XVTG4SWA4	Página	2/2

